

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CREACIÓN DUNHA UNIDADE MIXTA DE INVESTIGACIÓN DE CARÁCTER MULTIDISCIPLINAR PARA A ANÁLISE DO ACTUAL SISTEMA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E PARA A PROPOSTA DE MELLORAS PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS, ORGANIZATIVAS, NORMATIVAS E DE XESTIÓN PÚBLICA DOS INCENDIOS FORESTAIS

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, Tomás Fernández-Couto Juanas, director xeral de Defensa do Monte, segundo o Decreto 30/2012, do 4 de xaneiro, (DOG Núm. 4, do 5 de xaneiro), polo que se dispón o seu nomeamento; actuando en nome e representación da **Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia** (en adiante, a Consellería), en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta Consellería. (DOG Núm. 223 Luns, 23 de novembro).

Doutra parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante, a Uvigo) actuando en nome e representación desta, con CIF Q-8650002B, e sede en Edificio Reitoría, Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, segundo Decreto 59/2018, do 31 de maio, (DOG Núm. 109, do 8 de xuño), con poderes suficientes para celebrar este acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (BOE Núm. 307, do 24 decembro), e no artigo 29 dos Estatutos da UVigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG Núm. 38, do 22 de febreiro).

Intervéñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- Que á Consellería lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución Española.

SEGUNDO.- Que segundo o establecido no artigo 11 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica



parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG Núm. 235, de 11 de decembro), a Dirección Xeral de Defensa do Monte (en adiante, a Dirección Xeral) é o órgano superior e de dirección da Consellería ao que lle corresponde o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e a vixilancia de incumprimentos, exercendo, entre outras, as funcións de:

- Coordinar todas as administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios, garantindo o cumprimento das respectivas obrigas legais.
- Avaliar a distribución de competencias vixente e, de ser o caso, propoñer as modificacións que resulten precisas para o axeitado cumprimento das medidas necesarias.
- Prestar colaboración e asesoramento estable aos concellos para o cumprimento das súas obrigas e homoxeneizar os procedementos e actuacións por eles desenvolvidos.
- Asegurar o cumprimento das medidas de prevención contra os incendios forestais recollidas na lexislación vixente e tramitar os expedientes sancionadores derivados deses incumprimentos.
- Planificar as medidas de prevención de incendios e o seu desenvolvemento, impulsando a realización das tarefas encomendadas ás administracións competentes.
- Desenvolver o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais dentro de cada Plan de ordenación dos recursos forestais de distrito.

TERCEIRO .- O “ Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas de política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017” (publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia Núm. 346, de 10 de agosto de 2018) inclúe varias recomendacións en relación coa prevención e extinción de incendios para a reforma da política forestal entre as que se atopan o establecemento dun debate científico técnico a nivel universitario e de xestión.



CUARTO.- Que a UVigo é unha entidade de dereito público e que o artigo 1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, atribúe ás Universidades a realización do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, conferíndolles, entre outras funcións, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística; a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida, e do desenvolvemento económico; e a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.



Ase mesmo, a UVigo dispón da Escola de Enxeñeiría Forestal, adecuado referente académico no ámbito da defensa contra incendios forestais.

Nese sentido o propio Plan Forestal de Galicia aprobado o 17 de Xullo de 1992 pola Comisión de Agricultura, Gandería e Montes do Parlamento de Galicia, incluía entre as súas actuacións estratéxicas a creación dun Centro Universitario forestal. E, así, para o curso 1991-1992, creouse a Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal de Pontevedra, dependente da Universidade de Vigo.

Desde entón con diversos cambios no Plan de Estudos, a Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra constitúese como o único centro de carácter exclusivamente forestal de formación universitaria en Galicia.

Ademais de contribuír ao eficaz cumprimento dos fins establecidos, o presente convenio permitirá á UVigo acceder ao coñecemento, entre outras, das necesidades formativas dos distintos niveis administrativos e de responsabilidade nos servizos administrativos competentes en prevención e extinción dos incendios forestais e, polo tanto, permitirá deseñar actividades formativas acaídas e mellorar as existentes no eido dos incendios forestais en Galicia, tanto dende a perspectiva profesional como científica.

QUINTO.- Que a Consellería, xunto coa Uvigo, pretenden crear unha Unidade Mixta de investigación en materia de prevención e extinción de incendios forestais de carácter multidisciplinar, para a análise do actual sistema e a proposta de melloras a todos os niveis: profesional, científico, organizativo, normativo e de xestión pública dos incendios forestais.

Tendo en conta o anterior, as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a subscrición do presente Convenio de Colaboración con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Natureza do convenio

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (BOE Núm. 272, do 9 de novembro), polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio rexerá polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto no seu clausulado estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE Núm. 236, do 2 de outubro), no Acordo do Consello da Xunta de



Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG Núm. 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG Núm. 30, do 15 de febreiro), no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG Núm. 149, do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

SEGUNDA.- Obxecto e finalidade

O presente convenio ten por obxecto a creación en Galicia dunha Unidade Mixta de investigación en materia de prevención e extinción de incendios forestais de carácter multidisciplinar, coa natureza de grupo de traballo para a análise do actual sistema, e a proposta de melloras a todos os niveis: profesional, científico, organizativo, normativo e de xestión pública de prevención e extinción de incendios.

Como base para a devandita análise, a Unidade Mixta desenvolverá un proceso participativo na Comunidade Autónoma, de acordo co previsto na cláusula cuarta.

TERCEIRA.- Composición da Unidade Mixta

Formarán parte da Unidade Mixta, de xeito paritario, cinco membros por cada parte asinante, figurando entre eles a persoa titular da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural e da Dirección da Escola de Enxeñería Forestal da Universidade de Vigo.

CUARTA.- Funcionamento da Unidade Mixta.

1. A Unidade Mixta estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral, e exercerá as funcións de secretaría a persoa titular da Dirección da Escola de Enxeñería Forestal da UVigo.

2. As partes asinantes comprométense a reunir a Unidade Mixta polo menos unha vez ao mes, co obxectivo de deseñar a planificación e a estratexia dos traballos a realizar así como de coordinar e desenvolver os traballos correspondentes á Unidade Mixta de investigación. A tales efectos, a Unidade Mixta será convocada polo titular da secretaría da mesma cunha antelación mínima de 48 horas a celebración da sesión de traballo de que se trate. Aos efectos de determinar a validez da reunión en canto a membros presentes e representados, estarase ao previsto na lexislación de réxime xurídico do sector público para o caso dos órganos colexiados.

A primeira reunión da Unidade Mixta será convocada no prazo de 15 días naturais dende a sinatura deste instrumento de colaboración.

3. Nas reunións da Unidade Mixta poderán participar representantes doutras Universidades da Comunidade Autónoma, da Administración Local de Galicia, do Consello Forestal de Galicia, e traballadores que prestan servizos na Consellería, así como calquera outros que, segundo o



traballo desenvolvido, a súa participación se considere de interese por parte da Unidade Mixta, así se acorde pola mesma, e sexan convocados previamente ao efecto. A tales efectos, a Unidade Mixta poderá acordar a creación dos grupos de traballo que considere necesarios para organizar e coordinar a devandita participación.

QUINTA.- Medios, orzamento e financiamento

A Consellería e a UVigo, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios para o funcionamento da Unidade Mixta nos termos sinalados nas cláusulas anteriores, correndo os custos correspondentes a cargo de cada unha das dúas administracións, dentro dos gastos xerais de estrutura de cada unha delas, entendendo por tales as retribucións salariais ordinarias, medios materiais ordinarios de traballo, así como gastos de desprazamento e dietas ás reunións da Unidade Mixta.

Para o caso de que algún dos traballos a realizar por parte da Unidade Mixta requira de medios externos para dar apoio á Unidade ou realizar algún tipo de actuación individualizada que non poida ser levada a cabo directamente polos membros da Unidade, por razóns da especificidade técnica ou do volume de traballo a desenvolver, as actuacións correspondentes serán tramitadas conforme ao procedemento legalmente establecido, dando lugar a tramitación do expediente administrativo que corresponda. A tales efectos, a Unidade Mixta propondrá á Comisión de Seguimento o apoio ou actuación que deba realizarse. Na proposta deberá figurar unha descrición detallada dos traballos a realizar, así como a xustificación da especificidade técnica ou do volume de traballo a desenvolver que fundamenta a necesidade do apoio ou a contratación a terceiros, e o orzamento, de ser posible desagregado, do importe da actuación. A Comisión de Seguimento procederá, no seu caso, a aprobación da proposta, determinando a quen corresponde a súa realización.

A Consellería comprométese a financiar as actuacións as que se refire o parágrafo anterior ata un importe máximo de 99.294,28 € con cargo ao exercicio de 2020, partida orzamentaria 14.02.551B.640.1, e proxecto 2008-00391. No devandito importe incluírase o custo do posto que ser recolle na seguinte táboa:



Posto	Custo
Enxeñeiro técnico en labores de apoio á Dirección Xeral de Defensa do Monte na materia propia do convenio	24.194,28 €

No caso de que a realización corresponda a propia Consellería do Medio Rural, seguiranse para a xustificación e pago as normas xerais relativas ao procedemento administrativo de que se trate.

No caso de que a súa realización corresponda a Universidade de Vigo, a Consellería do Medio Rural compensará os gastos nos que incorra logo da correspondente xustificación dos mesmos por parte da Universidade, gastos que en ningún caso poderán superar o custo ao que ascendería a actuación ou actuacións no suposto de que se tivesen realizado pola Consellería. A



estes efectos, a xustificación realizarase previa presentación por parte da UVigo dunha memoria explicativa da actuación ou actuacións administrativas realizadas para obter o apoio ou actuación individualizada requirida pola Unidade Mixta, acompañada, segundo proceda, das facturas, recibos, honorarios, nóminas e seguros sociais, dietas e gastos de viaxe que se correspondan cos gastos incorridos tras ser validadas polos servizos técnicos da Dirección Xeral (Subdirección Xeral de Extinción e Subdirección Xeral de Prevención). O prazo máximo para a presentación da xustificación na Consellería é o 30 de novembro de 2020 .

En ningún caso, se imputarán ao importe establecido nesta cláusula os custos do normal funcionamento da Unidade Mixta, que asumen a Consellería de Medio Rural e a Universidade de Vigo, tal como se indica no primeiro parágrafo. Tampouco se poderán imputar gastos derivados da consecución de medios externos, que sexan anteriores á sinatura do convenio.

SEXTA.- Propiedade intelectual e industrial

A propiedade intelectual dos traballos realizados pola Unidade Mixta será compartida polas partes asinantes deste convenio, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

En todos os materiais que se realicen froito do presente Convenio aparecerán como coautores a Consellería e a UVigo.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Constituirase unha Comisión de Seguimento á que corresponderá, ademais da función recollida na cláusula quinta, a resolución dos problemas de interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir durante a execución do convenio, así como a resolución dos problemas de cumprimento das accións derivadas deste, e no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes que se reunirá, cando o solicite unha das partes, e que estará constituída do seguinte xeito:

Pola Consellería:

- 
- A persoa titular da Dirección Xeral de Defensa do Monte ou persoa en quen delegue/que a substitúa.
 - A persoa titular da Subdirección Xeral de Extinción ou persoa en quen delegue/que a substitúa.
 - A persoa titular da Subdirección Xeral de Prevención ou persoa en quen delegue/que a substitúa.

Pola UVigo:

- A persoa titular da Dirección da Escola de Enxeñería Forestal ou persoa en quen delegue/que a substitúa



- A persoa titular da Subdirección da Escola de Enxeñaría Forestal ou persoa en quen delegue/que a substitúa
- A persoa titular da Secretaría da Escola de Enxeñaría Forestal ou persoa en quen delegue/que a substitúa

Exercerá a Presidencia da Comisión de Seguimento a persoa titular da Dirección Xeral de Defensa do Monte ou persoa en quen delegue e exercerá as funcións de secretaria da Comisión, con voz pero sen voto, un funcionario da Dirección Xeral, que non coincidirá coa persoa titular da Subdirección Xeral de Extinción nin da Subdirección Xeral de Prevención.

OITAVA.- Vixencia do convenio e prórroga

O presente convenio entra en vigor a partir da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2020. Poderá ser prorrogado por un ano, por acordo expreso entre as partes, formalizado con antelación á finalización da vixencia deste convenio.

NOVENA.- Modificación

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente addenda.

DÉCIMA.- Resolución

O presente convenio resolverase por:

- 
- Incumprimento das cláusulas que o regulan.
 - Transcurso do tempo estipulado.
 - Mutuo acordo das partes asinantes.
 - Calquera outras causas de resolución previstas no ordenamento xurídico.

UNDÉCIMA.- Confidencialidade

Toda a información necesaria para a realización das actuacións subministrada por calquera das partes manterase en confidencialidade e evitárase a súa revelación, a excepción das persoas autorizadas.

A información subministrada utilizarase exclusivamente para as tarefas previstas no marco do



traballo definido no presente convenio.

Os parágrafos anteriores non se aplicarán para a información que a parte destinataria coñecese antes de serlle revelada pola outra parte, nin para aquela de dominio público. Tampouco para a información que fose revelada á parte destinataria por un terceiro que non tiña ningún compromiso ou obriga de segredo ou confidencialidade, nin para a que se faga dispoñible para a parte destinataria por observación directa en campo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE Núm. 294, do 6 de decembro), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD (BOE Núm. 17, do 19 de xaneiro de 2008), e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO TERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais da UVigo que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Consellería.


DÉCIMO CUARTA.- Publicidade



As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG Núm. 30, do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG Núm. 149, do 3 de agosto).

DÉCIMO QUINTA.- Xurisdición

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á



xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición (BOE Núm. 167, do 14 de xullo).

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro do Medio Rural

Reitor da Universidade de Vigo

P.D. O director xeral de Defensa do Monte

Orde do 17/11/2015



Tomás Fernández-Couto Juanas



Manuel Joaquín Reigosa Roger